

A biografía inédita de Manuel Murguía, de 1953, escrita por quen o tratou directamente, Lois Carré Alvarellos

FICHA: 552 pp. 13 x 20 cms. Capa dura
ISBN 978-84-18567-42-1. PAPEL FSC. PVP: 29,50 €



Alvarellos Editora publica, na súa Colección Rescate, unha biografía de máis de 500 páxinas, en edición e estudo ao coidado da especialista e profesora da UDC, Olivia Rodríguez González e da docente Esther García de Lucas, titulado *Murguía, o Patriarca*, escrito en 1953 por Lois Carré e que permaneceu inédita ata hoxe.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA, 2023.- Setenta anos despois da súa redacción, publicamos esta meticulosa biografía de Manuel Murguía, *Murguía, o Patriarca*, escrita por Lois Carré Alvarellos (A Coruña, 1898-1965) e conservada inédita ata hoxe nun mecanoscrito de 370 páxinas. Abarca desde o nacemento do historiador en 1833 ata o ano 1882, pouco antes do falecemento da súa esposa e colega, Rosalía de Castro.

Malia que non puido rematar o seu traballo, a edición deste volume contribuirá de maneira decisiva á reconsideración da figura de Murguía, a quen por certo Lois Carré coñeceu e tratou persoalmente na súa infancia e adolescencia. As profesoras Olivia Rodríguez González e Esther García de Lucas destacan no Limiar (onde se incorporan numerosas fotografías descoñecidas do autor) a minuciosa bibliografía manexada por Lois Carré, nun texto que combina desde certas doses de novela histórica ata extensos apartados «con raíces no Positivismo científico» onde todo debía ser documentado. «Lois Carré presenta a vida de Murguía como exemplar, dentro do contexto do pasado colectivo vivido desde a ideoloxía nacionalista», sinalan as profesoras.

A publicación deste novo volume da Colección Rescate coincide coa conmemoración do centenario da morte de quen foi e é considerado o Patriarca das Letras Galegas.

Lois Carré Alvarellos foi un dos 11 fillos de Uxío Carré Aldao e Purificación Alvarellos Pena. Irmán, entre outros, de Leandro, Uxío ou Gonzalo e tío de María del Pilar ou May, todos eles, e elas, escritores. Esther García de Lucas destaca que “foron as dúas fillas e herdeiras de Lois Carré, Obdulia e Purificación Helena (xa falecidas) as que custodiaron o seu arquivo ata deixalo nas mans de Luís e Héctor, seus sobriños. Foi así como puideron acceder a un tesouro documental tan interesante como descoñecido”.



Lois Carré en 1964 co seu neto Héctor.

Para contactar con Olivia Rodríguez:
659 67 74 94 e Esther García: 639 02 55 76.

